



Camiños de Santiago. 50 anos de protección patrimonial dun itinerario cultural

Carlos Amoedo Souto

Colección: **Bretema**

Materias: **Galicia**

Edición en papel

Formato: 17 x 24

Páxinas: 332

Peso: 0.66

ISBN: 978-84-15078-33-3

Año: 2013

25,00€

Galiza é punto de chegada das sete rutas históricas de peregrinaxe a Santiago de Compostela. Porén, o máis senlleiro patrimonio cultural galego, internacionalmente recoñecido como patrimonio da Humanidade, é tamén un dos máis ameazados. O seu territorio histórico, formalmente protexido desde 1962, foi obxecto dunha lexislación insuficiente fronte á intensiva explotación turística, á que se lle engadiron outros aproveitamentos vinculados ao desenvolvemento capitalista (concentración parcelaria, infraestruturas xerais, explotacións mineiras, parques eólicos) que deturpan irreversiblemente a autenticidade e integridade do primeiro itinerario cultural mundial.

No contexto dunha crise económica que se engade á tradicional falta de sensibilidade patrimonial dos poderes públicos e privados, a transmisión deste patrimonio cultural ás xeracións futuras obriga á aplicación firme dun marco legal máis coherente. Velaí o desafío deste libro.

Carlos A. Amoedo Souto é profesor titular de Dereito Administrativo na Universidade da Coruña. Especializado en dereito cultural, conta con unha ampla experiencia de asesoramento xurídico e xestión pública. Desde agosto de 2005 até novembro de 2008,

desempeñou os cargos de secretario xeral da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia; secretario das Fundacións Cidade da Cultura, Illa de San Simón e Museo do Mar; vocal do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela e secretario do Consorcio Galicia Navega Volta ao Mundo a Vela. Na actualidade, é secretario xeral desta Universidade, e vocal da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico da provincia da Coruña. Tamén é patrono fundador da Fundación Praza Pública, editora do dixital .

Teresa Nieto Freire é arquitecta, funcionaria do corpo especial de arquitectos da Xunta de Galicia, onde desenvolve a súa actividade na protección do patrimonio cultural. Foi xefa da Oficina Técnica do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xefa de Servizo de Urbanismo en Pontevedra e subdirectora de Protección da Cidade e dos Camiños de Santiago no período 2006-2009. Foi vicepresidenta do Comité Asesor do Camiño de Santiago e vogal de diversas Comisións de Patrimonio, entre elas da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Pontevedra e da Subcomisión Xunta-Igrexa. Foi vogal do consello executivo da Axencia de Protección da Legalidade e na actualidade é membro da Sección de Patrimonio Cultural do Consello da Cultura Galega.